

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO POLO QUE SE CREA E REGULA A CÁTEDRA S.X.D. GALICIA ACTIVA

REUNIDOS

Dunha parte D. Julio Ernesto Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña en uso das atribucións que lle confire o art. 36 1. F) dos Estatutos desta universidade, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 26 de maio) e modificados por Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG do 11 de outubro).

Da outra Dña. Marta Míguez Telle, presidenta da Fundación Deporte Galego co C.I.F. G-15769383, por razón do seu cargo como Secretaria Xeral para o Deporte de conformidade co disposto no artigo 13 dos estatutos da Fundación Deporte Galego, e do artigo 17.3 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego.

Ambas as dúas partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio e para tal efecto,

EXPOÑEN

1. Que ambas as dúas entidades consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento cultural, científico e tecnolóxico, procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito da nosa sociedade.
2. Que para contribuír á mellora económica e social é de fundamental importancia que se establezan relacións de intercambio nos campos da ciencia e a cultura.
3. Que é desexo de ambas as dúas institucións formalizar un acordo, mediante a creación dunha cátedra, que instrumente e regule as súas relacións de mutua colaboración no ámbito académico, docente e investigador, de conformidade co marco normativo recollido no Regulamento para a creación e xestión das cátedras e aulas institucionais da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello Social o 28 de febreiro de 2013 (a partir de agora, o Regulamento), que se xunta como anexo.

Por isto, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: obxecto

O obxecto do presente convenio é a regulación da colaboración estable entre a Universidade da Coruña e a Fundación Deporte Galego co fin de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral, mediante a creación da Cátedra “SXD Galicia Activa”, de acordo co Regulamento para a creación e xestión das cátedras e aulas institucionais da Universidade da Coruña, aprobado en Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2013.

Como obxectivos estratéxicos da Cátedra destacan os seguintes:

- Favorecer a divulgación dos beneficios de la adopción de estilos de vida fisicamente activos entre a poboación galega
- Contribuír á formación de profesionais cualificados para incrementar os estilos de vida fisicamente activos.
- Fomentar a investigación e transmisión de coñecementos en materia de actividade física como instrumenta para a prevención das enfermidades crónicas non transmisibles e dos seus factores de risco.
- Asesorar na implementación, o seguimento e a avaliación das medidas do Plan Galicia Saudable e no establecemento de prioridades de intervención.
- Desenvolver tarefas de investigación relacionadas coas medidas do PGS e de observación das conductas sobre actividade física e sedentarismo da poboación galega.

SEGUNDA: ámbitos de colaboración

O propósito da Cátedra, co fin de cumprir os obxectivos estratéxicos, é realizar actividades e proxectos en todo tipo de asuntos que resulten de interese para as institucións, entre os cales de forma enunciativa, pero non limitativa se mencionan os seguintes:

1. Actividades de formación e divulgación

- Colaboración en mestrados e outros estudos de posgrao, tanto oficiais como propios
- Colaboración no deseño e impartición de programas de formación permanente
- Patrocinio de bolsas predoutorais e posdoutorais
- Premios a proxectos de fin de grao ou mestrado, traballos e concursos de ideas
- Conferencias, seminarios e obradoiros
- Promoción de prácticas curriculares e extracurriculares
- Colaboración en plans de formación da empresa ou institución
- Visitas a empresas

- Formación para a creación de empresas de base tecnolóxica ou para a explotación de resultados de investigación
- Realización de xornadas de divulgación científica, tecnolóxica e artística
- Publicacións sobre temas de interese no ámbito da Cátedra
- Promoción en acontecementos científicos, técnicos e artísticos
- Organización de exposicións e promoción de actividades culturais
- Divulgación das actividades da Cátedra.

2. Actividades de transferencia e de investigación

- Desenvolver liñas de investigación conxunta.
- Cooperar para lograr proxectos de investigación no ámbito galego, español e europeo.
- Apoiar a realización de teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de grao.
- Realizar traballos de investigación.
- Promocionar encontros e redes nacionais e internacionais de expertos nas áreas de interese da Cátedra.
- Promocionar a contratación de grupos da Universidade da Coruña para desenvolver accións de innovación ou consultoría especializada na empresa.

A UDC, comprométese ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Plan de actuación da Cátedra inclúese neste convenio, en forma de anexo I.

TERCEIRA: desenvolvemento

A execución das modalidades de cooperación previstas no presente acordo e no Plan de actuación poderá ser obxecto de convenios ou contratos específicos elaborados de común acordo entre ambas as dúas institucións, en que se determinará:

1. A definición do obxecto que se persegue.
2. A descrición do programa de traballo con indicación das distintas fases deste e o correspondente programa.
3. A formulación e aprobación do orzamento total, indicando expresamente as achegas de cada parte e asignando, se é o caso, a conseguinte partida orzamentaria.
4. A relación das persoas que interveñen nel.
5. Estableceranse as bases de entendemento para a publicación de resultados, así como a forma de rexistro e participación no relativo a dereitos de propiedade industrial e intelectual.
6. A duración do convenio.
7. Calquera outro aspecto que se considere relevante.

Os devanditos convenios ou contratos poderán ser xestionados pola Universidade da Coruña ou por entidades vinculadas á UDC e habilitadas para tal fin, e serán incorporados como addendas ao presente acordo e axustaranse en todo caso ás normativas internas da Universidade da Coruña e da Fundación Deporte Galego.

En particular, respecto á posibilidade xenérica de que os alumnos realicen prácticas, estas deben canalizarse a través dos correspondentes programas de cooperación educativa, que requirirían a subscrición do correspondente convenio de acordo coa normativa vixente na materia RD 592/2014, do 11 de xuño polo que se regulan as prácticas externas dos estudantes universitarios (BOE 30 de xullo de 2014), ou aquela que no futuro a substitúa.

E respecto ao contido dos convenios ou contratos específicos previstos nesta cláusula, é de recordar que deberán axustarse ao que está disposto no texto refundido do Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes, aprobado polo Consello Social o 18 de xullo de 2012 e modificado polo Consello Social do 23 de xullo de 2013 (DOG de 1 de outubro de 2013).

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral, contractual o de calquera outro tipo entre los profesionais dunha das partes respecto das outras na realización de tarefas no seno da cátedra

CUARTA: adscrición

O centro/órgano de adscrición da Cátedra será o de adscrición da persoa encargada de dirixir a Cátedra, segundo se indica na cláusula quinta. As instalacións do antedito centro poranse a disposición da Cátedra para o adecuado desenvolvemento dos seus fins, de acordo co que dispoña a Xerencia en función da dispoñibilidade de espazos.

QUINTA: comisión de seguimento

No prazo de 30 días hábiles a partir da data de sinatura do presente convenio marco, constituirase unha Comisión de Seguimento, que se aterá ao disposto no título II do Regulamento. A devandita comisión será o órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas do presente convenio marco e entenderá e resolverá todas as cuestións relacionadas cos convenios específicos, ademais de recoller as funcións que se lle outorgan no Regulamento. A Comisión de Seguimento reunirase sempre que o solicite unha das partes e, polo menos, unha vez ao ano.

Por parte da UDC, os membros da Comisión de Seguimento serán:

- a) A persoa titular da Vicerreitoría que teña asignadas as competencias en materia de investigación e transferencia, ou persoa en quen delegue

- b) O/a Presidente/a do Consello Social da Universidade da Coruña, ou persoa en quen delegue, no suposto de Cátedras ou Aulas Institucionais adscritas a este órgano.
- c) O/a Director/a do centro ao que estea adscrita. En caso de non estar adscrita a un centro senón a un órgano de goberno da Universidade, este membro da Comisión de Seguimento será proposto polo reitor.

Por parte da Fundación Deporte Galego, os membros da Comisión de Seguimento serán:

- a) A persoa titular do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue
- b) Unha persoa en representación do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.
- c) persoa que ostente o cargo de director xerente da Fundación Deporte Galego.

A persoa encargada de dirixir a Cátedra será designada polo reitor da UDC e o seu nomeamento xuntarase como anexo a este convenio. O nomeamento poderá ser revogado e posteriormente modificado por outro ou outros nomeamentos que os substitúan, incluíndose, así mesmo, como anexo se é o caso. A dirección ostentará, en todo caso, un membro do PDI da UDC. As súas funcións están recollidas no Regulamento, e por este cargo poderase conceder un recoñecemento por xestión equivalente ao de subdirector/a ou vicedecano/a de centro.

SEXTA: dotación anual

A Fundación comprométese a colaborar no desenvolvemento da Cátedra mediante a súa achega económica, co obxecto de posibilitar a realización das actuacións conducentes á consecución dos obxectivos da Cátedra, como unha compensación dos gastos soportados pola UDC no desenvolvemento das actividades, sen que exista por parte daquela ánimo de lucro.

A UDC, comprométese ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta Cátedra se financiará a través da transferencia anual da Secretaría Xeral para o Deporte á Fundación Deporte Galego (Capítulo IV. Transferencias correntes. Concepto orzamentario 44300) na que a Intervención Xeral da Xunta de Galicia ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. A Fundación Deporte Galego financiará a Cátedra con á partida orzamentaria (5. Outros Gastos) do seguinte xeito:

- Anualidade 2018: 20.000 €
- Anualidade 2019: 20.000 €
- Anualidade 2020: 20.000 €

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido por la Intervención Xeral da Xunta de Galicia. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a Universidade Da Coruña que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

Deste xeito, co obxectivo de acadar os obxectivos establecidos, será necesario que o orzamento da anualidade sexa aprobada po la Comisión de seguimento da Cátedra previamente ao inicio das anualidades 2019 e 2020, sen superar nunca os 20.000 €.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen dende a firma do convenio ata a data límite de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

SÉTIMA: xustificación necesaria para recibir a achega

A achega da Fundación será librada anticipadamente, e deberase xustificar os gastos e a execución das actividades subvencionadas de acordo coa modalidade de conta xustificativa, de conformidade co artigo 28 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e co artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que conterà a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - b) Ao tratarse dunha subvención concedida a unha Universidade, certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de conformidade co artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención preveren a súa compensación mediante un tanto global sen necesidade de xustificación.

- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a activade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a UDC deberá presentar a xustificación dos pagamentos nos prazos fixados a continuación:

- a) A Xustificación do primeiro pago:
Ata o 15 de Outubro de cada anualidade
- b) A xustificación do segundo pago:
Ata o 15 de Xaneiro do ano seguinte ao do exercicio orzamentario no que se realizou o pagamento.

En todo caso, os xustificantes de gasto que integran a conta xustificativa en cada anualidade deberán corresponder á anualidade a xustificar.

Se transcorresen estes prazos sen que a UDC presentase a xustificación correspondente, requiriráselle para que no prazo improrrogable de quince días a achegue. A falta de presentación da xustificación neste prazo levará a apertura dun expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia a Universidade poderá substituír por declaración responsable a obriga de presentar a certificación prevista no artigo 10 do antedito decreto de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

De acordo co disposto no artigo 40.1d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superior, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

OITAVA: pagamentos a conta e anticipados

O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar acabo as actuacións inherente á subvención. Pola propia natureza das actuacións subvencionadas está xustificada a utilización de pagamentos anticipados, ditos pagamentos poderán ser de ata o 100% de cada anualidade autorizada no orzamento, dividida en 2 pagos. Os pagamentos realizaranse da seguinte forma:

- Un primeiro pagamento, de ata un máximo do oitenta por cento (80%) da contía total da anualidade, tramitarase trala sinatura do convenio, e previa solicitude da UDC.
- Un segundo, equivalente ao tanto por cento restante, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo.

Calquera modificación da contía asinada aplicarase despois de ter percibido o primeiro anticipo e será incluída na xustificación do segundo pago.

A UDC está exenta da obriga de prestar garantías para os pagamentos a conta e anticipados, de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA: réxime de obrigas e publicidade do convenio

A UDC terá a obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Fundación Deporte Galego en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

Así mesmo comprométese a dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Fundación Deporte Galego e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 4/2006, do 300 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regulan o Rexistro de Convenios a Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e para que se comuniquen á Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMA: protección de datos

As partes manifestan que coñecen, cumpren e se someten de forma expresa á lexislación española en materia de protección de datos de carácter persoal, e que se comprometen a dar un uso debido aos datos de tal natureza que

obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio. Para iso, ambas as dúas partes consenten que os datos persoais do presente convenio poidan incorporarse a ficheiros de titularidade de cada unha delas coa única finalidade de proceder á súa xestión axeitada. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderase levar a cabo nos termos legais mediante comunicación á respectiva entidade ao seu domicilio social.

UNDÉCIMA: interpretación, denuncia e foro xurisdiccional

As cuestións litixiosas sobre a interpretación, modificación, cumprimento, resolución ou efectos do presente convenio serán resoltas en primeira instancia pola Comisión de Seguimento.

En caso de persistir as discrepancias ou os incumprimentos de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes, a outra quedará facultada para a súa rescisión, que deberá notificarse.

DUODÉCIMA: entrada en vigor e renovación

O presente convenio empezará a producir os seus efectos a partir da sinatura deste convenio e terá unha duración de tres anos, podendo ser renovado expresamente por periodos anuais previa solicitude de algunha das dúas partes cun mes de antelación o vencimento do devandito periodo. A renovación e extinción da Cátedra rexerase polo que está disposto no Regulamento.

En todo caso, deberase ter en conta as limitacións que establece a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo que se establece un período de prórrogas non superior a 4 anos (artigo 49).

En proba de conformidade, asíñase o presente acordo marco en exemplar duplicado no lugar e data que se indican a continuación.

A Coruña, 11 de setembro de 2018 .

O reitor da Universidade da Coruña

A presidenta do Padroado da
Fundación Deporte Galego

Julio Ernesto Abalde Alonso

Marta Míguez Telle

ANEXO I. PLAN DE ACTUACIÓN DA CÁTEDRA S.X.D. GALICIA ACTIVA. ANO I

O primeiro ano da cátedra debe estar orientado á creación de estruturas e dinámicas de traballo. Asemade, debe dar orixe a indicadores de produto cuxa principal finalidade sexa diagnosticar o estado de desenvolvemento das accións do Plan Galicia Saudable e establecer liñas de actuación futuras.

Atendendo ás finalidades marcadas no regulamente da Universidade da Coruña para a creación dunha cátedra, propóñense as seguintes accións vinculadas aos correspondentes obxectivos para o primeiro ano de funcionamento.

OBXECTIVO DE FORMACIÓN:

- Deseño de premios a Traballo Fin de Grado e Traballo Fin de Máster desenvolvidos no ámbito do Plan Galicia Saudable. Preténdese:
 1. Contribuír á elaboración dun Plan Local de Fomento da Actividade Física
 2. Analizar datos obxecto de estudio no Plan Galicia Saudable

OBXECTIVO DE INVESTIGACIÓN:

- Patrocinio de bolsa ou contrato de investigación. O diagnóstico do estado de desenrolo do PGS e da información xerada da implantación de DAFIS require unha importante labor de xestión e administración de datos para a que resultará necesaria a participación de persoal de apoio.
- Análises exploratorio dos datos rexistrados nos primeiros anos da aplicación de DAFIS. Tras estes tres anos de aplicación, é necesario o procesamento da información xerada, de cara a establecer un diagnóstico do estado da mesma e a perfilar accións de mellora e axuste. Un análise exploratorio dos datos a nivel descritivo e na medida do posible inferencial, permitirá abordar estas tarefas.
- Elaboración dun informe técnico cos principais resultados do análise inicial dos datos rexistrados en DAFIS. O análise exploratorio plasmarase nun informe técnico dispoñible para editar e publicar.
- Selección de indicadores e recollida de datos para o seguimento e avaliación do Plan Galicia Saudable. Elaboración dun informe do estado do Plan, xa que desde a súa creación o desenvolvemento foi desigual. Esta avaliación permitirá o deseño de prioridades e actuacións futuras.
- Elaboración dun informe do estado do Plan Galicia Saudable

OBXECTIVOS DE DIVULGACIÓN:

- Deseño de estratexia de difusión en medios das actividades desenvolvidas pola cátedra.
- Presentación pública do informe cos resultados dos primeiros anos de implantación de DAFIS
- Elaboración e presentación pública do informe co resultado do análise da aplicación do Plan Galicia Saudable.

OBXECTIVO DE TRANSFERENCIA:

- Deseño dun observatorio galego sobre actividade física e sedentarismo. Coa colaboración de entidades como o SERGAS ou o Instituto Galego de Estatística, pretendese mellorar a obtención de datos sobre estes aspectos e a súa repercusión social, económica e sanitaria. Preténdese establecer as funcións e composición do mesmo, que permitirá aos axentes interesados obter datos específicos do seu ámbito de actuación, co obxectivo de deseñar actuacións que fomenten a práctica de actividade física.
- Deseño do protocolo para a implementación de Plans Locais de Fomento da Actividade Física

ORZAMENTO

- | | |
|---|---------|
| • Encomenda de xestión económico-administrativa | 1.000€ |
| • Custes xerais | 3.000€ |
| • Contratación axudante apoio a investigación | 11.500€ |
| • Presentación e publicación de informes | 4.000€ |
| • Deseño de observatorio | 500€ |